

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2014
--

Data: 14 de xuño de 2014

Hora de inicio: 10 h. (2ª convocatoria)

Hora de finalización: 11 h.

Sedes: Barakaldo, Barcelona, A Coruña, **Girona** (sede central), Huesca, Logroño, Lleida, Madrid, Mallorca, Pamplona-Iruña, Sabadell-Terrasa, Sevilla, Valencia, Vilanova la Geltrú, Zaragoza.

Asistentes: 277

Votos delegados, ou asistentes por representación: 54

Orde do día

- 1. Presentación do exercicio 2012**
- 2. Presentación do presuposto do exercicio 2013**
- 3. Quenda aberta de palabra**

Desenrolo da Xuntanza

A presidenta de Som Energia, en nome do Consello Reitor, da a benvida ós asistentes das diferentes sedes da Asemblea Xeral Ordinaria e explica as grandes liñas de desenrolo desta asemblea e da extraordinaria que se celebrará a continuación.

Escóllense por unanimidade como interventores de actas das dúas asembleas ós dous únicos candidatos presentados: Javier Sardà (representante legal de Pimeslu socio nº 9.753) e Roger del Jesús (nº socio 54).

O Consello Reitor expón as liñas xerais da marcha do exercicio 2013. En primeiro lugar Ana Marco resume a evolución social da cooperativa:

Evolución do número de socios pasando de 5.090 a 11.701.

Celebración do II Encontro de Grupos Territoriais en Barcelona sobre a organización territorial de Som Energia

Satisfactoria actividade dos Grupos Territoriais e das Comisións de Traballo.

Desenrolo da Campaña de Autoprodución.

Celebración da II Escola de Setembro co tema central: "E sen primas que proxectos impulsar?"

Aumento en catro persoas do equipo técnico.

Destaca o Balance social de 2013 elaborado por Alex Duran de Mallorca e a vontade de mantelo en anos vindeiros.

En segundo lugar Alex Arizkun resume a evolución económica do exercicio 2013:

Aumento importante no número de contratos e finalización das 4 instalacións fotovoltaicas que estaban proxectadas e da planta de biogás.

Vontade de transparencia económica homoxeneizando as contas anuais para facilitar as comparacións; ofrecer os números do Balance de Situación; e elaboración dun pequeno Manual de interpretación das contas.

Perdas no exercicio (107.579,49 euros) superiores ás orzamentadas (71.342,00) debidas fundamentalmente ás subidas dos prezos no mercado maiorista no segundo semestre do ano, especialmente en decembro.

Destacar nas partidas de gastos os custes laborais e os gastos de amortización. Sinalase a austeridade na ampliación laboral que fixo en 2013 pasar do 46,86% ao 3,21% os custes laborais respecto das vendas de electricidade ós socios/as.

A simplicidade do noso Balance de Situación xa que o noso patrimonio centrase nas sociedades que xestionan as instalacións de xeración e o noso financiamento a longo prazo realizase co capital e as achegas dos socios.

No segundo punto da orde do día Alex Arizkun resume o orzamento para 2014:

Realizouse baixo o suposto de alcanzar os 19.000 socios/as e os 22.000 contratos.

Estímanse uns beneficios de máis de 56.000 euros ó mudar a panorámica do mercado maiorista no primeiro semestre de 2014 e supoñendo que se aprobe na asemblea extraordinaria a modificación do sistema de facturación que evitará a diferenza entre os prezos de compra e de venda de electricidade.

A continuación ábrese unha quenda de palabra, de media hora, en cada sede para formular preguntas e propostas. Ó final da quenda son contestadas polo Consello Reitor.

As contas de 2013 e o orzamento de 2014 son aprobadas mediante votación a man alzada en cada sede cos seguintes resultados:

SI	319
----	-----

NON	0
BRANCO	3
ABSTENCIONS	9
TOTAL	331

Ás 11,30 h. levantouse a sesión.

En Girona a 14 de xuño de 2014

PRESIDENTA

Ana Marco

SECRETARIO

Alejandro Arizkun

Aprobación da ACTA en Girona a 28 de xuño de 2014

PRESIDENTA

Ana Marco

INTERVENTOR

Javier Sardà

INTERVENTOR

Roger del Jesús

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 2014

Data: 14 de xuño de 2014

Hora de inicio: 11,30 h. (2ª convocatoria)

Hora de finalización: 13,10 h.

Sedes: Barakaldo, Barcelona, A Coruña, **Girona** (sede central), Huesca, Logroño, Lleida, Madrid, Mallorca, Pamplona-Iruña, Sabadell-Terrasa, Sevilla, Valencia, Vilanova la Geltrú, Zaragoza.

Asistentes: 288

Votos delegados, ou asistentes por representación: 57

Orde do día

1. **Proposta de novos criterios de proxectos de inversión.**
1. **Proposta do novo sistema de facturación.**
2. **Xuros para os aportes financeiros de prazo indefinido dos socios.**

3. **Autorización, se procede, ao Consello Reitor para a aceptación de novas achegas financeiras de prazo indefinido dos socios.**
4. **Ratificación, se procede, de diferentes acordos de intercooperación.**
5. **Situación de Estatutos, renovación do Consello Reitor e Interventores de Contas.**
6. **Quenda aberta de palabra**

Desenrolo da Xuntanza

1. Nuri Palmada presentou o documento coa proposta de novos criterios para a aceptación de proxectos de inversión (Anexo I).

2. Josep Puig presentou a proposta do novo sistema de facturación:

Facturación mensual

Establecemento dun prezo fixo (€/kwh) para todo o ano (1 de xullo a 30 de xuño) composto de:

Termo de potencia segundo a peaxe regulado sen marxe de comercialización.

Termo de enerxía calculado segundo unha estimación prudente de custes para obter a prazo un marxe do 4%.

Se os resultados baixan do 2% ou soben do 6% o Consello Reitor modificará o prezo anunciándoo cun mes de antelación.

O consumo a facturar obterase cos seguintes criterios:

Se hai lecturas mensuais facturárase esta lectura

Se hai lecturas bimensuais estimárase o consumo do mes sen lectura.

Se non hai lecturas realizarase unha estimación segundo o histórico do consumo ou das características do consumidor.

Cada socio/a poderá remitir a súa lectura que incorporara ao cálculo.

Periodicamente realizarase unha regularización para axustar o consumo facturado ao efectivamente realizado.

3. Alex Arizkun presentou a proposta de manter a retribución das achegas financeiras dos socios/as a tempo indefinido no 3 %.

4. Alex Arizkun presentou a proposta de autorización ao Consello Reitor para poñer, no caso de que sexa necesario, unha nova emisión de "achegas financeiras voluntarias" dos socios cun tipo de xuro liquidable anualmente e revisable anualmente pola asemblea, un tope de emisión de 2 millóns de € e uns límites de inversión por socio entre 100 e 2.500 €.

5. Ana Marco presentou para a súa ratificación os acordos de intercooperación con Rescoop, Copérnico, REAS e Mercado Social.

6. Dolors Clavell explicou a situación de rexistro dos novos estatutos aprobados na asemblea anterior e a necesidade de realizar algúns axustes para adaptalos á lexislación e a necesidade de someter á asemblea a ratificación da conselleira Ana Marco.

Jordi Punset presentou as candidaturas a Interventores de Contas e ao Consello Reitor.

7. A continuación ábrese unha quenda de palabra, de media hora, en cada sede para formular preguntas e propostas. O final da quenda son contestadas polo Consello Reitor.

Finalizada a quenda de intervencións procedeuse á votación das diferentes propostas que foron todas elas aprobadas cos seguintes resultados:

Novos criterios para a aceptación de proxectos de inversión:

SI	308
NON	4
BRANCO	1
ABSTENCIONS	32
TOTAL	345

Novos sistema de facturación:

SI	330
NON	1
BRANCO	6
ABSTENCIONS	8
TOTAL	345

Tipo de interese para as achegas financeiras voluntarias dos socios/as por tempo indefinido::

SI	310
NON	4
BRANCO	17
ABSTENCIONS	14
TOTAL	345

Autorización ao Consello Reitor para facer unha emisión de achegas financeiras voluntarias dos socios por tempo indefinido:

SI	326
NON	2
BRANCO	7
ABSTENCIONS	10
TOTAL	345

Ratificación do acordo con RESCOOP:

SI	291
NON	0
BRANCO	5
ABSTENCIONS	49
TOTAL	345

Ratificación do acordo con Copernico:

SI	284
NON	0
BRANCO	11
ABSTENCIONS	50
TOTAL	345

Ratificación do acordo con REAS:

SI	281
NON	0
BRANCO	12
ABSTENCIONS	52
TOTAL	345

Ratificación do acordo con Mercado Social:

SI	283
NON	0
BRANCO	11
ABSTENCIONS	51
TOTAL	345

Elección dos novos interventores de contas:

SI	316
NON	0
BRANCO	13
ABSTENCIONS	16
TOTAL	345

Elección dos novos membros do Consello Reitor:

Jaume Aliaga	309
Ana Marco	319
Francesc Pujol	317

Ao haber un número inferior de candidatos a conselleiros que número de prazas a elección os tres candidatos resultaron elixidos.

Tanto os novos Interventores como Conselleiros aceptaron os seus cargos.

O conselleiro cesante Jordi Punset no seu nome e no de Nuri Palmada despediuse dos socios/as como conselleiro e agradeceu a confianza que depositaran en eles.

Á 13,30 h. levantouse a sesión.

En Girona a 14 de xuño de 2014

PRESIDENTA

SECRETARIO

Ana Marco

Alejandro Arizkun

Aprobación da ACTA en Girona a 28 de xuño de 2014

PRESIDENTA

INTERVENTOR

INTERVENTOR

Ana Marco

Javier Sardà

Roger del Jesús